

**TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS
DE PERSOAL EMPREGADO INVESTIGADOR DO MARCO DE ESTABILIZACIÓN
EXTRAORDINARIA DE EMPREGO TEMPORAL CONVOCADO POR RESOLUCIÓN
REITORAL DO 7 DE DECEMBERO DE 2022**

O tribunal , reunido na sesión constitutiva o 7 de xuño de 2023, acordou darlle publicidade aos seguintes acordos:

1. Valoración do mérito consistente na presentación dunha memoria da praza á que se opta.

O tribunal acorda solicitar aos asesores nomeados polo órgano convocante a emisión dun informe nos seguintes termos:

“No marco do procedimento selectivo para cubrir as prazas de persoal empregado investigador do marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal convocado por resolución reitoral do 7 de decembro de 2022 precisamos a emisión dun informe sobre o mérito específico consistente nunha memoria sobre a praza á que optan os aspirantes. A convocatoria recolle os seguintes termos:

c) Memoria sobre a praza a que se opta: A valoración máxima será de 15 puntos. As persoas candidatas presentarán unha memoria curricular onde se describa a adecuación do seu currículo e traxectoria ás funcións da praza obxecto de convocatoria. A memoria terá unha extensión máxima de 5.000 palabras con tamaño de letra 11, fonte Arial e entrelíñado 1,5.

Tendo en conta o anterior, precisamos que emita un informe de 400 palabras como máximo e unha proposta de valoración de acordo co establecido na convocatoria.”

2. Adopción de criterios de valoración para o apartado “Outros méritos”.

No apartado Outros méritos a convocatoria establece o seguinte:

d) Outros méritos, Valoración máxima de 5 puntos

i. Coñecemento de idiomas comunitarios distintos do galego e do castelán:

O coñecemento de cada lingua oficial valorarase do seguinte xeito:

- C2 1 punto
- C1 0,8 puntos
- B2 0,6 puntos
- B1 0,4 puntos
- A2 0,2 puntos
- A1 0,1 puntos

Cando existan distintos niveis do mesmo curso, só se valorará o de maior nivel.

ii. Outros méritos de investigación: outros méritos relacionados coa praza obxecto de convocatoria como participación en proxectos, conferencias, publicacións científicas entre outros.

Tendo en conta que a convocatoria non recolle a valoración máxima diferenciada para os items i e ii, por proposta da presidenta, o tribunal acorda valorar indistintamente os méritos presentados por idiomas ou por outros méritos de investigación relacionados coa praza ata acadar o máximo de 5 puntos do apartado.

No apartado ii valoraranse con 0,5 puntos os méritos de investigación relacionados coa praza obxecto de convocatoria e que estean acreditados na documentación.

O conxunto total de méritos valorados no apartado “Outros méritos” non poderá superar os 5 puntos.

A presidenta do tribunal

Laura Elena Sánchez Piñón

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: LAURA ELENA SANCHEZ, NIF ***2975**, 13/06/2023 12:49:59.

CSV: 7187-4565-4A3D-A035